

O REI QUE RABIOU

Conto antediluviano sin pés nin cabeza

Corrían os tempos de Maricastaña.

Fai desto seis mil anos, catro meses e cinco días.

¡Xa choveu dende entonces! ¡Como que eínda Dios tiña o deluvio en carteira! Pois señor, eisistía naquela época un podeiroso reino na comarca chamada hoxe de Xallas, partido xudicial de Corcubión, e no mesmo lugar onde din que Cristo dou as tres voces.

A capital do tal reino era Baíñas, manífecca cidá, tres varas e médea máis grande que Babilonia e convertida agora nunha pequena aldea onde se cilebra o pirmeiro domingo de cada mes unha feira de ganado. ¡Sic transit gloria mundi!

O escudo daquel Estado era un embudo co ancho para riba i o estreito pra baixo; e alí n'había tampouco nin máis forma de gobernó, nin máis lei, nin máis raio que o dichoso embudo, que se aplicaba unhas veces pola tarde ancha i outras pola estreira, según a categoría do que demandaba xusticia.

Gobernaba a nación (e si aquello era gobernar veña Dios e dígao) un rei que tiña por nome Calafate primeiro, i era, sin desprecear a nadie, o animal máis grande que comía broa (eínda non se enventara o pantrigo).

Había no reino somentes tres ministerios: Desgubernación, Desgrácea e Inxusticia e Destrución Púbrica, i ó frente de cada un tiña o rei un testafarro, pois el era o que verdadeiramente desempeñaba tódolos cargos, ou, mellor dito, empeñábaos.

Tiña ó pobo nun puño e facía del un pandeiro.

Cando Calafate pasaba pola calle, todo Dios se puñía boca abaixo, porque si vía unha cara que non lle chistase, por ter a nariz que pecase por carta de máis ou de menos ou os ollos castaños ou negros ou verdes, coa boca torta ou dereita, que para o caso era o mesmo, mandaba aforcar ó porpietario sin andarse con chiquitas.

¡Pobre pobo! ¡Púñase boca abaixo sin ver que, as máis das veces non valía tapa-la cara!

¡Pra aforcar ós seus vasallos buscaba o rei pretestos o mesmo pola pola que pola proa!

- A ver -dicía- aforcar este chato ou a ise narigudo, ou colgar de esa ameixeira a aquel que ten o queixo revirichado ou os ollos verdes ou un remendó nos calzóns, no médeo e médeo da letra Q.

E, zas, encontra a orde aquela nin sequera cabía apelar ó nuncio, porque eínda non o había, nin máis recurso de alzada que rubirse ó albre onde estaba a forca. Alí non queda outro dereito que o do pataleo cando o ñudo correidizo lle apertaba a un a gorxa.

Eisí é que os albres de todo o reino estaban cheos de racimos de aforcados sin sulfatar.

Outras veces mandaba o rei chamar ós seus ministros i entretíñase en morderlle a este as canelas, ou cortarlle a aquel as orelas ou rasparlle o pelexo con unh lima ó de máis alá.
¡Que bárbaro!

Escontra aquelas xudiadas ninguén se estrevería a botar o pío. Todo o mundo calaba como un peto i o rei seguía facendo cada día máis falcatrúas.

A verdá é que ninguén lle quería ben, pro, en cámbreo, tíñanlle máis medo que ó lume.

Somentes había no reino dúas persoas que se estrevían a ladrarlle forte: o seu can, fóra a ialma, i o seu favorito.

O can era de palleiro, pero eu non sei cal sería máis can, si el ou o seu amo.

O favorito era un labrego vello a quen o rei tiña no seu palacio, tratándoo a corpo de ídem, dende unha ves que o atopou na calle e viu con asombro que lexos de poñerse boca a baixo como tódolos mais, quedábase de pé teso como un fuso e mirándoo frente a frente.

- Oie, ti, díxolle o rei, ¿por qué non te baixas coma todos?
- Porque ó que moito se baixa véselfe o traseiro.
- Non me parece mal a rimposta! Vamos a ver, ¿cómo te chamas, ho?
- ¡Cantacraro!
- ¿E que raio fas aí de pé mirando pra min?
- Estou esperando a que me mande aforcar.
- ¡Pois agora non che aforco!
- Só por levarme a contraria será Vosa Maxestá capás de non aforcarme.
- ¡Vexo que non tes pelos na língoa! ¡Boeno, dende hoxe cólloche baixo a miña proteución! ¡Góstasme polo franco!

I, efeutivamente, con asombro de todos levouno consigo a palacio e dende aquel día non se separou máis do vello, que seguiu dicíndolle verdades como puños sin que por eso se enfadase Calafate. ¡Os homes de tempre impóñense astra ós tiranos! (Con esta senténcea quedoume a testa fofa).

Unha noite en que o rei, dempois de haber mandado aforcar seis ducias de vasallos, achábase descansando no sillón do trono antre o can i o favorito, díxolle de repente a Cantacraro:

- Vello, ¿que falan de min por aí adiante?
- ¡Que han de falar, señor! Din que Vosa Maxestá é máis malo que Caín, e que si non vai ó inferno de cabeza, non hai Dios.
- ¿E pareceche que falan ben co eso?
- ¡Falan como un libro, señor!
- Pero home, ¿que teñen que dicir de min?
- Cale, señor, cale; porque V. M. É o maor galopín i o máis mala alma que Dios botou a este mundo. Para V. M. n'hai xusticia, nin lei, nin concencia, nin o raio que a fundou.
- ¿E que dirías si agora mandase que che colgaran dunha viga polo que me estás contando?
- Non me collía de novas, pois ó lado de V. M. anda un home coa vida vendida, i eu, pola mañán, xa veño xunto a V. M. con tódolos sacramentos botados, pois sei de boa tinta que o día menos pensado ha de facer un desparate comigo.
- Pois engánaste, ho; polo contráreo, fai máis dunha somana que trago unha idea na testa que che ha de deixar pámpano cando cha diga.
- Sempre será unha barbaridá das súas.
- O que teño pensado é convertirme en home de ben dende mañán para diante. Quero que os meus vasallos non teñan nada malo que dicir de min. Vou a botar abaixo a forza i a lei do embudo.
- ¡Hum! ¡Hum! -refunfuñou Cantacraro-. ¿E ti seralo? ¡Meterse o lobo frade!
¡Non cho creo!
- ¡Meu dito, meu feito! -contestoulle Calafate-. ¡Palabra de rei!

E cumprindo todo ó pe da letra, pois o día seguinte mandou queimar tódalas forcas do reino e arrincou o embudo das armas da nación, poñendo no seu lugar unha gaita coa palleta moi longa i ó alcance de todos, pra que poidesen soprar nela en demanda de xusticia, o mesmo os altos que os baixos.

Dempois mandou repartir os seus tesouros antre os vasallos máis necesitados, e publicou un bando dicindo que de alí pra diante non sería el, senón o pobo, quen

governase, e que o rei non tería máis misión que facer cumprir a vontade de todos, ricos e pobres.

Pra celebrar o seu cámbio de vida ordenou que se celebрасen festas en todo o reino, e con ese motivo houbo foguetes pola vella, macacos de pólvora e golpe de gaita, bombo e tambor.

O día primeira da romaxe apareceu o rei pola tarde, na foliada, de calzón, polainas e mando rial e, botando pra tras a croa, soltou un atruxo e berrou facendo un punto de muiñeira:

- ¡Ei, carafio! ¡Eiquí estou eu! ¡Viva a parranda! ¡A ver, que me toque a gaita o Persidente do Tribunal Supremo de Xustiza, pois quero beilar unha ribeirana!

Colleu a gaita o Persidente e, mal como pudo, escomezou a tocar unha muiñeira; pero a xente, que aínda estaba escamada das boas intencións de Calafate, continuou boca abaixo, sin moverse ninguén.

- ¡Ei, ricoiro! ¿Qué é iso? -escramou o rei subíndose a unha pipa-. ¡Arriba todo o mundo i a beilar! ¡Eiquí xa non hai rei nin roque! Quero ser un de tantos. Mandeí queimar a forca, licencieí o exército, repartín os meus tesouros e soltei os presos da cárcel pra que todos seamos libres. ¡Astra os cans han de ser dende hoxe independentes! Onte á noite mandeille sacar o bozal ó meu i a tódolos do reino. ¡Nin os fuciños de can han de vivir escravizados! ¡Cada un que faga o que se lle antoxe! ¡Toca esa gaita, Persidente! ¡Viva a pava!

E, dito esto, baixouse do púlpeto e colleu pola mau a unha mociña churrusqueira, filla de Furnicuais, o taberneiro, i escomezou a beilar coela como un tolo.

Ó velo beilar, foi perdendo o medo a xente i, ó pouco tempo, dende o primeir ministro da nación astra o último algoacil do Xuzgado púxose a beilar todo o pobo ó compás da gaita do Persidente do Tribunal Supremo de Xusticia.

Terminado o baile, mandou trager Calafate 1º catro ducias de pipas de viño do Ribeiro, e dixo:

- ¡A beber todo o mundo! ¡Hoxe pagou eu o gasto!

O pobo, imitando o exemplo do rei, que empinaba o codo como un condenado, escomezou a trasegar netos e mais netos, e, vaso vai vaso vén, escurricháronse as catro ducias de pipas en menos que o demo frega un ollo.

Calafate primeiro, xa chamaba a Dios de ti, pois tomou unha pítima máis grande que a catedral de Santiago.

E coa borrachera choraba como un neno i abrazaba ós seus vasallos pidíndolles perdón das súas culpas.

Estes, por non deixar quedar atrás ó seu rei, estaban todos calumelanos i, o que máis i o que menos, nin un só había que poidese enfiar unha agulla.

Un zapateiro de Noia que estaba alí persente, enternecido ante aquel espectáculo, abrazouse ó rei e doulle un bico na fronte, escramando:

- ¡Que chispa tés, Calafate! ¿Un raio me coma si non paresces un rei de copas!
- ¡Nómbroche meu zapateiro de cámara!, berrou o rei, collendo ó noiense pola cintura.

Dempois todos tomaron confianza, i os que enantes se puñan boca abaixo, xa se estrevían a pasarlle a man ó rei polo lombo, falándolle de ti por ti.

El a todos dicía:

- ¿Qué querés? ¡Pidir por esa boca! ¡Eiquí n'hai máis voluntá que a vosa!
- ¡Que me deixen roubar dúas onzas en libra!, berrou un panadeiro.
- Rouba, meu fillo, anque sean tres.
- ¡Que nos saquen a contrebuceón! -dixo un propetario.
- Boeno. Xa non se cobrarán máis cargos nin trabucos. A ver, pidir, ¿quen quere máis?
- ¡Que aomenten os panadeiros tres onzas en libra!, berrou un maestro de escola.
- Boeno, xa mandarei que as aomenten.
- Protesto, -escramou o panadeiro. Xa me concedeu a min a contraria.
- ¡Que chova! -dixo un labrego- ¡Que se perden as cosechas!
- ¡Que non chova! -berrou un caleador.
- ¡Que nos manteña a todos o rei sin traballar! -escramou un vago.
- ¡Que me fallen un preito ó meu favor! -dixo un preiteante.
- ¡Que o fallen en contra! -berrou a outra parte.

E o rei, por compracer ós uns i ós outros, dicía Amén a todo, astra que por último armouse tal galimatías de intreses encontrados e ordes contraditorias que ninguén se entendía nin sabía o que pedía nin por onde andaba.

Por fin, no médeo daquel barullo, un tamborileiro a quen o rei lle aforcara toda a familia, dándolle un forte empuxón, berrou:

- ¡Que baile Calafate!
- ¡Que baile! -escramou todo o pobo.

O rei, obedente ó mandato do seus vasallos, dixo:

- Vou a beilar por sufraxio universal.

I escomezou a facer cabriolas, berrándolle ó mesmo tempo a Cantacraro que o contemplaba ca boca aberta.

- ¡Que tal! ¿Agora dirás que non son home de ben?
- ¡Ai señor! -contestoulle o labrego- ¡nin tanto nin tan pouco! ¡Non peque por carta de menos como enantes pecou por carta de máis! ¡Véñase prá casa a durmir a mona e déixese de tolerías! ¡Mire que lle van a saír pola cara!

Pero o rei xa non ouía as lamentacións do seu favorito e seguía beilando como un trompo.

Nesto, sin saber por onde, caeulle unha pedrada na testa que por pouco lla parte.

De seguida chovéronlle catro paus nas costas, i escomenzou un rebumbio de catro min pares de demos a cabalo.

- ¡Raio! -escramou o rei ó sinti-los paus- ¡que logo tomáchedes confianza!
- ¡Fóra, fóra! ¡Matalo! -escramaba todo o pobo.
- ¡Acudide eiquí! ¡Que me matan! -dicía Calafate-. ¿Onde estás, Cantacraro? ¡Manda formar as tropas para que veñan a axudarme!

¡As tropas! ¡Onde iban elas! ¡Xa as licenceara todas! ¿E Cantacraro? Ese tomara soleta ó escomenzar o rebullicio.

E seguían mallando os paus e chovendo as pedras que era unha marabela.

O rei, vendo estonces as cousas mal paradas, dou sebo ás canelas e botou a correr como alma que leva o diaño seguido de todo o pobo, que o foi dispidindo a pedrada seca astra as portas da cidá.

Calafate, a quen os paus i as pedras lle despexaran a borracheira, xa non corría, que voaba, excrementando ó mesmo tempo:

- ¡Ai de Dios! ¡Mira o que fun gañando con facerme bo! ¡Vaia un pago que me dades! ¡Estes raios naceron para escravos e calquera se mete a darlles libertades!

Nesto chegou á entrada dunha carballeira e mirou cara atrás.

Xa non o seguía ninguén. A noite iba cerrando e a lúa, con cara de páscoas, asomábase antre as ramas dos carballos, ríase pró rei a carcxada limpa.

- ¡Todos me abandonan! -berrou Calafate.

Pro nesto veu que o seu can víñalle ó arcance ca língoa fóra i o rabo antre as pernas.

- ¡Solamente ti continúas gardándome fidelidá, meu...

Non pudo acabar, porque o can dou un salto e fincoulle os dentes nunha nádega.

Calafate caieu deitado tan longo como era e desmaiouse.

Depois, unha alma caritativa recolleuno prá súa casa e púxoo en cura.

Pero ós poucos días decaerouselle a rábea ó rei i houbo que matalo a tiros.

¡Craro! Mandara sacarlle os bozales a tódolos cans do reino, e un que estaba adoecido mordeulle ó seu, i este a Calafate 1º, que pasou á hestórea co título de “O rei que rabiou”.

Din as vellas crónicas daqueles tempos, que se atoparon na biblioteca da arca de Noé, que o sucesor de Calafate, convencido polo exempro deste, de que os seus súditos non sirvían pra ser homes libres, sigueu tratándoos según se merecían, m é dicir, a pau seco e como escravos.

E tanto fino pau dou aquel rei, que se convirtiu na pirmeira carta da baraxa que houbo no mundo.

Puxéronlle por nome o rei de bastos, e como era, ademais, tan cabalo de ídem i os bastos eran os triunfos naquel pobo, foi tamén o pirmeiro que acusou as coarenta no tute.